

Belén Villar González voceira do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Ponteareas, ao amparo do disposto no artigo 46.2.e) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN**:

Na sesión ordinaria do Pleno municipal levada a cabo o 21 de maio de 2019, tratouse no punto terceiro “Expediente 3719/2019. Acordo para participar na convocatoria de subvencións para proxectos singulares de entidades locais e aprobación do proxecto “Rede Urbana de calor con Biomasa- Fase 1ª”.

A finais de agosto de 2020, cando o Alcalde anuncia o inicio das obras, aparecen diferentes documentos que acreditan que a parcela referenciada anteriormente sobre a que o Pleno municipal acordou construír a caldeira de biomasa, non é de titularidade municipal, senon que pertence a unha Fundación creada para xestionar os bens da súa lexítima propietaria Dna Carmen Palacios Ramilo entre os que estaba esta parcela.

Con data 26 de agosto de 2020, solicitamos que o Alcalde convocase unha reunión urxente para aclarar diferentes cuestións, entre as que estaba clarificar os usos que se lle podía dar a dita parcela, así como buscar unha ubicación alternativa, sen que ata a data se nos convocase.

Con data 3 de setembro de 2020, solicitamos ao Alcalde acceso a todos os informes técnicos e documentación acreditativa da titularidade dos terreos sobre os que se está a construír a Caldeira de Biomasa, e novamente sobre o uso dos mesmos. Respondendo exclusivamente con datos que figuran no Catastro, sen aportar ningún documento do Rexistro da Propiedade ou calquera outro documento de titularidade ou cesión dos terreos.

Existe unha Plataforma de veciños, que estando a favor da Rede de calor con Biomasa, están en contra da ubicación que se lle da a caldeira, e levan semanas pedindo a paralización desa obra e a reubicación da caldeira de biomasa.

Ademais esta Plataforma de veciños aportaron ao Alcalde diferente documentación que cando menos pon en dúbida a titularidade de que o terreo onde se instala a caldeira sexa municipal, e por responsabilidade, o Alcalde debería parar a obra temporalmente e ordenar unha investigación sobre este asunto, tratando de localizar no arquivo municipal documentación de titularidade, ou documento de cesión ou calquer outro documento. Buscando incluso en expedientes tramitados fai anos, cando

se construiu o Centro de Asprodico, ou cando se construiu o Centro Social, a Residencia de maiores ou Centro de día, todos eles en terreos pertencentes a esa mesma Fundación de Carmen Palacios Ramilo

Por todo o cal o grupo municipal do Partido Popular, e no seu nome a voceira do mesmo, formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao **Órgano de Contratación e ao Alcalde** para que se paralicen as obras de construción da caldeira de biomasa incluída no Proxecto “Rede Urbana de calor con Biomasa. Fase 1ª”, na parcela do Centro de día e Residencia de maiores, ata que se determine con claridade a titularidade dos terreos onde se quere ubicar, todo elo co fin de evitar graves perxuízos económicos para o concello, tanto derivados das posibles indemnizacións aos propietarios si resulta que o Concello non é o lexítimo propietario, como derivados da restitución da parcela á situación orixinal, como a perda para o Concello da subvención que financia a obra.

En Ponteareas, a 20 de setembro de 2020



Asdo: Belén Villar González

ATT: PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS